ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

FICHA DA ACTIVIDADE FORMATIVA
IE26007

1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Introdución ás políticas públicas: deseño, implementación e avaliación

CONVOCATORIA: IEP, 1ª convocatoria

GRUPO: Economía Pública (Formación Contínua)

ÁREA: Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	**PLAN:**	F. FINALISTAS	**HORAS:**	25
ADMINISTRACIÓN:	AU|LO|UN	**ESTADO:**	CONVOCADO	**ANO:**	2026
MOD.IMPARTICIÓN:	TELEFORMACIÓN	**TIPOLOXÍA:**	XERAL	**EDICIÓNS:**	1

DATA MATRÍCULA: Do 27/02/2026 - 09:00h ao 05/03/2026 - 14:00h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O desenvolvemento dun país depende da calidade no deseño das súas políticas públicas e da avaliación do seu impacto sobre o benestar social e económico da súa poboación. Numerosos estudos demostran que aqueles países que lograron implementar políticas adecuadas, estables e previsibles lograron maiores taxas de crecemento, maior acumulación de riqueza e mellores niveis de distribución do ingreso.

Son as distintas Administracións Públicas nos seus respectivos ámbitos competenciais as encargadas de materializar o gasto público en políticas públicas. Estas deben de ser formuladas en aplicación dos principios dunha xestión eficiente, por iso é necesario que os empregados públicos implicados na súa elaboración conten co coñecemento técnico necesario.

O obxectivo fundamental do curso é capacitar os profesionais de distintas áreas no estudo das políticas públicas, os axentes e institucións involucrados no seu deseño e as ferramentas cuantitativas necesarias para a súa avaliación.

DESTINATARIOS

Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional; das entidades locais e persoal técnico, de xestión e de administración e servizos (PTXAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG).

PROGRAMA

Módulo I. Iniciación ás políticas públicas
- Concepto
- Evolución
- A política pública na nova gobernanza

Módulo II. Deseño das políticas públicas
- Análise do problema
- Análise das solucións
- Análise de factibilidade
- Plan de acción

Módulo III. Implementación das políticas públicas
- Normativa
- Orzamentación
- Horizonte temporal
- Reformulación

Módulo IV. Avaliación das políticas públicas
- Obxecto
- Principios
- Tipos

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Criterios xerais da EGAP, segundo a Resolución do 10 de maio de 2023, pola que se fan públicas as bases e as condicións xerais de participación nas actividades formativas (DOG núm 96, do 23 de maio de 2023).

3. DATOS EDICIÓNS

T01		
LOCALIDADE: TELEFORMACIÓN		**INICIO / FIN:** 04/05/2026 a 28/05/2026
NUM. PRAZAS: 50	**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)	**DATA EXAME:** 02/06/2026 ás 17:00h
DOCENTES NOMEADOS		
LUZ MARIA VILLA ALVAREZ		
LUGAR DE REALIZACIÓN		
Proba final en liña.		